

REGULAMENTO DA XUNTA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA
(Ratificado polo Consello de Goberno do 17 de febreiro de 2005)

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

A Xunta da Facultade de Filoloxía, para o desenvolvemento das funcións que lle conceden os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, rexerá polo presente Regulamento.

Artigo 2

A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela. A Facultade de Filoloxía promoverá, no marco das súas competencias, accións que contribúan á súa normalización e desenvolvemento.

Artigo 3

O goberno e administración da Facultade está articulado en dous niveis: os órganos colexiados (Xunta de Facultade, Comisión Permanente e Comisións Delegadas) e os órganos unipersoais (Decano/a, Secretario/a e, de haber, Vicedecanos/as).

TÍTULO PRIMEIRO: A XUNTA DE FACULTADE

Artigo 4

A Xunta de Facultade é o principal órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos demais órganos e cargos de dirección e xestión.

CAPÍTULO I: Composición da Xunta

Artigo 5

1. A Xunta de Facultade estará composta por:
 - a) O Decano/a, que a presidirá e convocará.
 - b) Os Vicedecanos/as, de ser o caso.
 - c) O Secretario/a da Facultade, que o será tamén da Xunta.
 - d) O seguinte Persoal Docente e Investigador do centro, ben censado nel, ben non censado pero cunha carga docente mínima de 9 créditos:
 - Todo o persoal funcionario docente, que representará o 51% da Xunta.
 - O resto do Persoal Docente e Investigador, sempre que non exceda do 14%. Dentro deste subsector, o persoal a tempo parcial non suporá máis do 5%.

e) Unha representación do Estudantado do 30%, porcentaxe distribuída entre alumnos de Primeiro e Segundo Ciclo (25%) e Tercero Ciclo (5%).

f) Unha representación do Persoal de Administración e Servizos censado no centro, nunha proporción do 5% da Xunta, mais cun mínimo de 2 representantes.

2. Tamén poderá ser convocado á Xunta de Facultade, con voz pero sen voto, calquera membro do centro que non sexa integrante daquela e así o requira. Nesta circunstancia, bastará cunha única solicitude por ano académico dirixida ao Decano/a; en todo caso, o Decano/a avaliará se na orde do día da sesión hai algún punto de interese específico para o solicitante que xustifique a súa asistencia.

Artigo 6. Persoal censado

Consideranse membros da Facultade todas aquelas persoas integrantes do Persoal Docente e Investigador, Estudantado e Persoal de Administración e Servizos censadas no centro, de acordo coas condicións establecidas polo Consello de Goberno.

Artigo 7. Período de representación e pertenza á Xunta

1. Todos os representantes da Xunta de Facultade elixidos serano por 2 anos, agás os membros do Estudantado, que o serán por 1 ano. A condición de representante da Xunta perderase por cesaren os vínculos académicos ou administrativos co centro ou, en xeral, por se deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

2. Cando se produza unha vacante entre os representantes aos que se refire o apartado anterior, esta ocupará ata o final do período o seguinte candidato que obtivera máis votos nas eleccións correspondentes sen chegar a acadar representación.

CAPÍTULO II: Competencias da Xunta de Facultade

Artigo 8

Son competencias da Xunta de Facultade:

- a) A elección de Decano/a e, se é o caso, a súa remoción.
- b) A elaboración e a aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das Titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente e as normas xerais do Claustro Universitario.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e a implantación de novas titulacións, a creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e a organización de estudos de posgrao.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade académica do Persoal Docente e Investigador do centro.
- g) A programación dos servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.

h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.

i) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.

j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión cultural.

k) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.

l) Crear tantas Comisións Delegadas conxunturais, sen competencias executivas, se estimen oportunas, segundo o previsto no punto 1 do Artigo 22 deste Regulamento.

m) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos ou outras normas de aplicación da Universidade.

CAPÍTULO III: Procedemento da Xunta de Facultade

Artigo 9. Convocatoria e constitución

1. A convocatoria da Xunta de Facultade corresponde ao Decano/a.

2. A Xunta de Facultade quedará constituída validamente en primeira convocatoria ao estaren presentes, ademais de presidente/a e secretario/a, a metade dos seus membros e, en segunda, ao asistir, polo menos, un 25% deles.

Artigo 10. Xunta ordinaria

1. A Xunta de Facultade reunirse con carácter ordinario unha vez ao trimestre, polo menos, sempre en período lectivo e, se non fose imprescindible por cuestións de urxencia, fóra do período oficial de exames.

2. A orde do día da Xunta ordinaria determinaraa o Decano/a, asistido polo resto do equipo decanal. Na orde do día da Xunta ordinaria figurarán como puntos fixos a aprobación da acta ou actas das reunións anteriores, así como os asuntos de trámite, rogos e preguntas, e tamén aqueloutros de inclusión solicitada segundo os apartados 3 e 4 deste Artigo.

3. Calquera membro da Facultade poderá solicitar do Decano/a que avalíe a posibilidade de inclusión de puntos na orde do día. Se tal solicitude viñese avalada por un 25% de integrantes da Xunta de Facultade, a orde do día recollerá de xeito obrigado o punto ou puntos propostos.

4. Segundo a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo (Lei 30/1992 do 26 de novembro, Artigo 26.3), só poderán presentarse propostas de inclusión de novos puntos na orde do día ao comezo da Xunta de Facultade se están presentes todos os seus membros. A solicitude deberá ser sometida a votación e aprobada por maioría.

5. A convocatoria coa orde do día da sesión ordinaria estará en poder dos membros da Xunta de Facultade cunha antelación mínima de 2 días hábiles, prazo no que tamén deberán estar ao seu dispor na secretaría do centro a documentación e información relacionadas directamente cos asuntos da convocatoria.

Artigo 11. Xunta extraordinaria

1. A Xunta de Facultade poderá reunirse con carácter extraordinario ben por iniciativa do Decano/a, ben a solicitude da maioría dos membros da Comisión Permanente ou dun 25% dos membros da Xunta.

2. A orde do día da Xunta extraordinaria fixaraa o Decano/a asistido polo resto do equipo decanal ou, de ser o caso, a proposta dos solicitantes da reunión.

Artigo 12. Debate e votación

1. O Decano/a ou, de ser o caso, o seu substituto preside a Xunta de Facultade, ordena e modera os debates, asistido polo seu equipo de goberno.

2. Debatido un punto da orde do día, terá lugar, se procede, a votación dos membros da Xunta presentes.

3. A votación será secreta cando se elixan persoas ou cando algún membro da Xunta o solicite. Nos demais casos será pública.

4. De haber unicamente dúas propostas, efectuarase unha votación e aprobarase a que acade a maioría relativa.

5. De haber máis de dúas propostas, farase unha primeira votación conxunta de todas elas. Procederase despois a unha segunda votación entre as dúas máis votadas, seguindo o procedemento do apartado 4 deste mesmo Artigo.

6. En caso de empate, despois dunha quenda de intervención limitada a un dos promotores de cada proposta, procederase a unha nova votación. De persistir a igualdade, decidirá o voto de calidade do presidente/a.

Artigo 13. Actas das sesións

1. O Secretario/a levantará acta de todas as sesións da Xunta de Facultade. De non poder asistir, o Decano/a designará a quen desenvolva a súa función.

2. Na Facultade haberá un libro que recolla as actas de sesión, unha vez aprobadas.

3. O Libro de Actas estará baixo a custodia do Secretario/a do centro, e a disposición para consulta de calquera membro da Facultade.

4. Soamente darán fe dos acordos e recomendacións da Xunta as certificacións libradas polo seu Secretario/a. Expediranse certificacións das actas de sesión, ou dunha parte, para calquera membro da Facultade que o solicite.

TÍTULO SEGUNDO: O EQUIPO DECANAL DA FACULTADE

CAPÍTULO I: O Equipo Decanal

Artigo 14. Decano ou Decana

1. O Decano/a representa á Facultade, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2. A Xunta de Facultade elixirá o Decano/a entre o profesorado funcionario doutor a tempo completo censado no centro. Deseguido, o Decano/a será nomeado polo Reitor/a.

3. Son competencias do Decano/a:

- a) A representación da Facultade.
 - b) Presidir as reunións da Xunta de Facultade e de calquera outro órgano colexiado dela, e executar os seus acordos.
 - c) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
 - d) A dirección da política académica da Facultade.
 - e) Propoñer ao Reitor/a o nomeamento e cesamento do Secretario/a e, de ser o caso, dos Vicedecanos/as da Facultade.
 - f) Velar polo respecto dos dereitos de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
 - g) O control do cumprimento das obrigas docentes, discentes e administrativas dos membros da Facultade.
 - h) A vixilancia do axeitado mantemento do patrimonio do centro.
 - i) Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da Universidade ou a lexislación universitaria.
- As competencias do Decano/a estenderanse a todos os asuntos relativos ao goberno e administración da Facultade que non fosen atribuídos a outros órganos.

4. A duración do mandato do Decano/a será de 4 anos. Non poderá exercer o cargo máis de 8 anos consecutivos.

Artigo 15. Secretario ou Secretaria

1. O Secretario/a da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia do Libro de Actas e a responsabilidade de expedir certificación dos acordos, actos e feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomende o Decano/a, a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade.

2. A proposta do Decano/a, o Reitor/a nomeará ao Secretario/a entre o profesorado a tempo completo ou funcionariado dos grupos A e B censado no centro.

Artigo 16. Vicedecanos ou Vicedecanas

1. De haber, corresponde aos Vicedecanos/as dirixir e coordinar, baixo a dirección do Decano/a, as áreas de competencia que este lles asigne. Se houbese varios

Vicedecanos/as, o Decano/a designará ao seu substituto para os casos de ausencia, enfermidade ou imperativo regulamentario.

2. Aos Vicedecanos/as nomearaos o Reitor/a a proposta do Decano/a, entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a) Persoal Docente e Investigador: estar acollido ao réxime de tempo completo.
- b) Estudantado: estar matriculado na modalidade de matrícula ordinaria.
- c) Persoal de Administración e Servizos: ter como único emprego o desenvolvido na Universidade.

Artigo 17. Cesamento

1. O Decano/a, como cargo electivo, cesará ao remate do seu mandato, por dimisión, por disolución da Xunta de Facultade ou por mor dunha moción de censura.

2. Durante o mandato decanal, os restantes membros do equipo cesarán, a pedimento propio ou a proposta do Decano/a, por resolución do Reitor/a.

CAPÍTULO II: Elección de Decano ou Decana

Artigo 18. Procedemento

1. Segundo o regulamento electoral da Universidade, as eleccións a Decano/a convocaraas o Decano/a saínte, como mínimo un mes antes da fin do seu mandato. Se o titular cesase por causa distinta do remate do seu cargo, as eleccións serían convocadas polo seu substituto nos 20 días naturais posteriores ao cesamento. No caso de incumprimento destas obrigas, será o Reitor/a quen convoque eleccións.

2. A convocatoria para a elección de Decano/a deberá precisar as seguintes datas e prazos:

- a) Prazo de presentación de candidaturas, entre 7 e 15 días hábiles.
- b) Proclamación provisional de candidatos.
- c) Prazo de reclamación, non inferior a 3 días hábiles.
- d) Proclamación definitiva de candidatos.
- e) Prazo para a campaña electoral dos candidatos definitivos, non superior a 5 días hábiles, seguida de 1 día natural de reflexión previo á xornada de votación.
- f) Data e lugar da Xunta de Facultade extraordinaria para a votación, sempre en período lectivo, con este punto único na orde do día. Por se fose necesario, engadiranse data e lugar para a segunda volta da votación, que podería ter lugar na mesma xunta da primeira volta e, de non ser así, nunca alén de 3 días hábiles.

3. Se non se presentase ningún candidato, o Reitor/a resolverá a continuidade en funcións do anterior Decano/a, que convocará novas eleccións no prazo máximo de 3 meses.

4. A Xunta de Facultade na que se proceda á elección de Decano/a non poderá ser convocada antes de 5 días hábiles dende o peche do prazo de presentación de

candidaturas nin despois de 45 días naturais dende a data da convocatoria.

5. A presidencia de sesión da Xunta de Facultade no día das votacións corresponderá ao Decano/a en funcións, se non concorre de novo á elección, ou ao seu substituto, se o Decano/a saínte se presentase á elección. No caso de que o Secretario/a presentase a súa candidatura, actuaría como secretario/a accidental o membro da Xunta de menor idade que reúna os requisitos enunciados no Artigo 15. 2 deste Regulamento.

6. Antes de cada votación, os candidatos poderán expoñer e debater o seu programa.

7. Cada elector poderá emitir o seu voto a favor dun único candidato, votar en branco ou absterse. O voto formalizarase dun xeito inequívoco, segundo as instrucións da presidencia da sesión.

8. No caso de presentarse un candidato único, só haberá unha votación, sendo elixido se obtén un mínimo dun 25% dos sufraxios válidos emitidos. De non acadar esta porcentaxe de votos, o candidato non resultaría elixido, polo que, por resolución reitoral, o Decano/a anterior continuará exercendo o seu cargo en funcións e deberá convocar novas eleccións no prazo máximo de 3 meses.

9. Se concorresen dous ou máis candidatos, a votación cinguiríase ao sistema de dobre volta: en primeira volta resultaría elixido o candidato que obtivese máis da metade dos votos válidos; se tal maioría non se acadase, na segunda volta concorrerían só os dous candidatos máis votados que mantivesen a súa candidatura, resultando elixido quen lograse a maioría simple dos votos; en caso de empate, repetirase a votación e, de persistir a igualdade, darase preferencia ao candidato máis antigo de acordo cos Estatutos da Universidade.

10. Para todas as cuestións complementarias referentes ao proceso de elección de Decano/a que non se traten expresamente no presente Regulamento, será de aplicación o regulamento electoral da Universidade.

11. En calquera caso, o disposto neste Artigo 18 adecuarase ao regulamento electoral da Universidade vixente en cada momento.

Artigo 19. Moción de censura

1. O Decano/a pode perder o seu cargo pola adopción, por maioría absoluta, dunha moción de censura. Tal moción deberá ser proposta por, como mínimo, un terzo dos membros da Xunta de Facultade, e incluírá un candidato alternativo.

2. Se a moción de censura reúne estes requisitos, o Decano/a convocará unha reunión extraordinaria da Xunta de Facultade con este punto único na orde do día, nun prazo máximo de 20 días naturais dende o seu rexistro.

3. Aberta a sesión, presidida polo substituto do Decano/a, o candidato alternativo fundamentará a moción de censura, con dereito de réplica polo Decano/a. A posterior quenda de intervencións dos membros da Xunta de Facultade arbitrase de acordo co apartado 1 do Artigo 12 deste Regulamento.

4. Concluído o debate, votarase a moción de censura, con sufragio a favor, en contra, en branco ou abstención. Para prosperar, a moción require o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.

5. Se a moción de censura non prospera, os asinantes non poderán presentar outra durante o mesmo período de mandato decanal.

TÍTULO TERCEIRO: COMISIÓNS DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 20. Xeneralidades

1. Como complemento da Xunta de Facultade, haberá unha Comisión Permanente e diversas Comisións Delegadas, instancias de asesoramento subordinadas a aquela, cuxo cometido será realizar tarefas de coordinación e elaborar propostas, informes e recomendacións sobre os asuntos que este Regulamento e o goberno da Facultade lles encomenden. As respectivas composicións e competencias destas comisións decláranse nos capítulos I e II deste Título Terceiro.

2. Toda comisión reunirse a convocatoria do presidente/a ou a solicitude dun 25% dos seus membros electos.

3. A comisión quedará constituída validamente en primeira convocatoria ao estaren presentes, ademais de presidente/a e secretario/a, a metade dos seus membros e, en segunda, ao asistir, polo menos, un 25% deles.

4. A orde do día, elaborada polo presidente/a coa asistencia do secretario/a, deberá chegar a todos os seus compoñentes cunha antelación mínima de 2 días hábiles.

5. As decisións tomaranse por maioría simple dos presentes, correspondendo ao presidente/a o voto de calidade en circunstancia de empate. Prevalecerá, en todo caso, o criterio da Xunta de Facultade, polo que calquera acordo dunha comisión poderá ser ratificado, modificado ou anulado pola maioría daquela, segundo os procedementos explicitados no Artigo 12 deste Regulamento.

6. Se algún representante de comisión cesa, procederase á inmediata designación do seu substituto, segundo o correspondente procedemento establecido.

7. As comisións renovaranse coincidindo coa elección de Decano/a, sen prexuízo do recollido no apartado 6 deste Artigo e no apartado 1 do Artigo 7, sobre o período de representación dos membros elixidos da Xunta de Facultade.

CAPÍTULO I: Comisión Permanente

Artigo 21. Composición

1. A Comisión Permanente da Xunta de Facultade estará composta por:

- a) O Decano/a, que presidirá, agás que deba facelo o seu substituto.
 - b) Os Vicedecanos/as, de haber.
 - c) O Secretario/a da Facultade, que o será tamén desta comisión, fóra de circunstancias de substitución.
 - d) 15 membros do Persoal Docente e Investigador, entre os que estarán os Directores/as dos Departamentos adscritos á Facultade ou persoas en quen deleguen, procurándose a representación do maior número posible de Áreas de Coñecemento.
 - e) 6 membros do Estudantado, un deles do Terceiro Ciclo.
 - f) 2 membros do Persoal de Administración e Servizos.
- Os membros da Comisión Permanente que non o sexan por razón do seu cargo terán sido elixidos polos seus respectivos sectores e nomcados na Xunta de Facultade.

2. Son competencias da Comisión Permanente:

- a) Pronunciarse sobre todos aqueles asuntos que o Decano/a e máis a Xunta de Facultade sometan á súa consideración.
- b) Resolver os asuntos de trámite que non correspondan ás Comisións Delegadas da Xunta de Facultade ou que estas eleven á Comisión Permanente.

CAPÍTULO II: Comisións Delegadas

Artigo 22. Xeneralidades

1. As Comisións Delegadas poden ser estables ou conxunturais. As comisións estables rexeranse polo presente Regulamento. A Xunta de Facultade, chegado o caso, establecerá comisións conxunturais para responder a necesidades eventuais que caian fóra do ámbito de competencias das comisións estables.
2. Cada Comisión Delegada terá estrutura de seu, así como composición e funcionamento propios, e estará presidida polo Decano/a ou Vicedecano/a no que delegue. O Secretario/a elixirase de entre os seus membros.
3. Constituída unha Comisión Delegada, de non estar o seu presidente/a, elixirase un presidente/a provisional para a sesión.
4. No ámbito do Persoal Docente e Investigador, aos membros das Comisións proporanos os Consellos de Departamento; nos demais colectivos da Facultade, elixiraos o seu sector e terán representatividade por períodos de un ano. En ambos casos, aos compoñentes das Comisións Delegadas nomearaos o Decano/a.
5. Se algunha unidade académica do centro non tivese representantes na Xunta de Facultade, o interesado poderá solicitar do Decano/a permiso de asistencia, con voz mais sen voto, ás xuntanzas das Comisións Delegadas.

Artigo 23. Comisión de Docencia e Asuntos Académicos

1. A Comisión de Docencia e Asuntos Académicos estará formada por:
 - a) O Decano/a ou Vicedecano/a en quen delegue.
 - b) 1 membro do Persoal Docente e Investigador por Titulación.

c) 1 membro do Persoal Docente e Investigador por Área de Coñecemento, fóra daquelas áreas xa cubertas polos representantes de Titulación.

d) 10 membros do Estudantado, un por Titulación e outro máis do Terceiro Ciclo.

e) O Xestor/a Académico da Facultade.

f) Outro representante do Persoal de Administración e Servizos.

2. Son competencias da Comisión de Docencia e Asuntos Académicos:

a) Desenvolver propostas e accións para a mellora da calidade e eficacia da docencia e a discencia.

b) Elaborar pautas de coordinación para a mellor imbricación e complementariedade das materias nos diferentes cursos da cada Titulación, e que orienten a formación do Estudantado.

c) A proposta de resolución das solicitudes estudiantís de validación e traslados.

d) A coordinación das actividades docentes nos seus aspectos xerais, como preinscripción e criterios de distribución de cursos, grupos e horarios.

e) A coordinación e proposta de accións sobre os asuntos docentes e académicos implicados nos plans estratéxicos da Universidade.

Artigo 24. Comisión Económica

1. A Comisión Económica estará integrada por:

a) O Decano/a ou Vicedecano/a en quen delegue.

b) 7 membros do Persoal Docente e Investigador, un por departamento.

c) 6 membros do Estudantado, un deles do Terceiro Ciclo.

d) O/a responsable de Asuntos Económicos da Facultade.

e) Outro membro do Persoal de Administración e Servizos.

2. Son competencias da Comisión Económica:

a) A proposta de reparto do orzamento en todos os seus conceptos, un dos cales se destinará ás organizacións e actividades estudiantís.

b) O estudo das posibilidades para unha óptima utilización dos orzamentos dentro das competencias da Facultade.

Artigo 25. Comisión de Biblioteca

1. A Comisión de Biblioteca estará conformada por:

a) O Decano/a ou Vicedecano/a en quen delegue.

b) 7 membros do Persoal Docente e Investigador, un por departamento.

c) 6 membros do Estudantado, un deles do Terceiro Ciclo.

d) O Director/a da Biblioteca da Facultade.

e) Outro membro do Persoal de Administración e Servizos.

2. As funcións da Comisión de Biblioteca, insertas nas liñas xerais do regulamento da Biblioteca Universitaria, son:

a) Aprobar as directrices de desenvolvemento das coleccións bibliográficas e propoñer a distribución do orzamento correspondente, de xeito que se asegure a actualización dos fondos.

b) Participar na elaboración das normas de funcionamento dos Servizos Bibliotecarios, que estarán a disposición dos lectores na Biblioteca da Facultade.

c) Aprobar o informe anual da Biblioteca da Facultade e elevalo á Dirección da Biblioteca Universitaria.

d) Asesorar nas diferenzas de criterio que poidan xurdir entre a Dirección da Biblioteca e calquera dos usuarios.

e) Proponer as medidas previstas no regulamento da Biblioteca Universitaria contra os infractores das normas do usuario.

f) Garantir, en réxime de consulta ou préstamo, un número de exemplares axeitado da bibliografía obrigatoria de todas as materias para o Estudantado.

Artigo 26. Comisión de Actividades Culturais

1. A Comisión de Actividades Culturais estará formada por:

a) O Decano/a ou Vicedecano/a en quen delegue.

b) 7 membros do Persoal Docente e Investigador, un por departamento.

c) 6 membros do Estudantado, un deles do Terceiro Ciclo.

d) 2 membros do Persoal de Administración e Servizos.

2. Son funcións da Comisión de Actividades Culturais:

a) Promover actividades culturais complementarias da docencia e a discencia na Facultade.

b) Distribuír o orzamento asignado a tales actividades, segundo as propostas recibidas.

c) Informar ao Decano/a e máis á Xunta de Facultade sobre as propostas de organización de seminarios, simposios, conferencias, cursos extraordinarios e calquera outra actividade de carácter social, cultural e deportivo, susceptible de ser organizada pola Facultade ou por algún dos seus sectores.

Artigo 27. Comisión de Normalización Lingüística

1. A Comisión de Normalización Lingüística estará formada por:

a) O Decano/a ou Vicedecano/a en quen delegue.

b) 7 membros do Persoal Docente e Investigador, un por departamento.

c) 6 membros do Estudantado, un deles do Terceiro Ciclo.

d) 2 membros do Persoal de Administración e Servizos.

2. As funcións da Comisión de Normalización Lingüística son:

a) Diseñar programas e estratexias para fomentar o uso da lingua galega na docencia.

b) Velar polo cumprimento dos dereitos lingüísticos dos membros da Facultade.

TÍTULO CUARTO: REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 28

1. A reforma do Regulamento de Xunta de Facultade poderá ser promovida a iniciativa dun 25% dos membros da Xunta.

2. Toda proposta de reforma do Regulamento estará debidamente articulada e razoada por escrito.

3. O Decano/a, recibida unha proposta de reforma, someterá a votación a súa consideración no pleno da Xunta de Facultade: se a proposta acada a maioría de sufraxios dos presentes, abrirase un prazo para a presentación de emendas.

4. Para que a reforma do Regulamento prospere, cómpre que obteña o voto da maioría absoluta do pleno da Xunta en primeira volta, ou, en segunda volta, o voto da maioría dos presentes. De non ser así, a proposta considerarase rexeitada, e non poderá propoñerse idéntica reforma no prazo de 1 ano.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira

O presente Regulamento debe integrarse e interpretarse no marco dos Estatutos e normativas subordinadas da Universidade de Santiago de Compostela e das leis sobre ensino universitario.

Segunda

Para todo o que non estea disposto no presente Regulamento nin nos Estatutos ou noutras normativas da Universidade de Santiago de Compostela, será de aplicación a Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico da Administración Pública e do Procedemento Administrativo Común.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA



O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

DILIXENCIA para facer constar que o Consello de Goberno, na súa sesión do 17 de febreiro de 2005, ratificou o presente Regulamento da Xunta da Facultade de Filoloxía, que incorpora as modificacións recomendadas á Facultade e informadas polo Consello de Goberno na súa sesión do 30 de maio de 2005. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Reitor.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2005

Vº e Pr
O REITOR

O SECRETARIO XERAL



Senén Barro Ameneiro

Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz